## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*EXTRACTO da Orde do 6 de agosto de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan cen bolsas para a mocidade do exterior, co fin de cursar estudos de formación profesional de grao superior que se inicien no curso académico 2018/19 nun centro con ensinanzas sostidas con fondos públicos de Galicia (ED333A).*

BDNS (Identif.): 411340.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Poderán concorrer a esta convocatoria os/as cidadáns/ás galegos/as residentes no exterior e que cumpran os requisitos académicos de acceso a un ciclo de grao superior de formación profesional.

Segundo. *Obxecto*

Establecer as bases e convocar o procedemento de concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de cen bolsas (100) para a mocidade do exterior, co fin de cursar un ciclo de grao superior de formación profesional sostido con fondos públicos nun centro da Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 6 de agosto de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan cen bolsas para a mocidade do exterior, co fin de cursar estudos de formación profesional de grao superior que se inicien no curso académico 2018/19 nun centro con ensinanzas sostidas con fondos públicos de Galicia (ED333A).

CVE-DOG: ifnyxtc8-9rw1-1pj3-emz4-sblbudwev503

DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 152 Xoves, 9 de agosto de 2018 Páx. 37004

Cuarto. *Importe*

Destinarase, con cargo á aplicación orzamentaria 10.50.422M.480.1, un total dun millón de euros a estas axudas para cen bolsas (100), cunha contía de 10.000 euros cada unha. A dotación total da bolsa por ano é a seguinte:

a) 300.000 euros no ano 2018.

b) 500.000 euros no ano 2019.

c) 200.000 euros no ano 2020.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes.*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia.*

Santiago de Compostela, 6 de agosto de 2018

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

CVE-DOG: ifnyxtc8-9rw1-1pj3-emz4-sblbudwev503